


# TEMA 12: A UNIÓN EUROPEA



- Tratado de Roma (1957). Países que fundan la Comunidad Económica Europea
- Países que se incorporan en 1973
- Se une Grecia en 1981
- Países que se incorporan en 1986. En 1987 forman 12 países la Comunidad Europea
- Reunificación de Alemania (1990)
- Países que se incorporan en 1995. Ahora Unión Europea desde 1992.
- Países que se incorporan en 2004. Europa de los Veinticinco.
- Incorporación en 2007
- Negociación sin fecha fija

## A Unión Europea

- Asinantes do Tratado de Roma (1957)
- Europa dos Nove (1973)
- Europa dos Dez (1981)
- Europa dos Doce (1986)
- Reunificación de Alemaña (1990)
- Europa dos Quince (1995)
- Europa dos Vinte e cinco (2004)
- Europa dos Vinte e sete (2007)

- Países que adoptaron o euro
- 1 BÉLXICA
- 2 LUXEMBURGO
- 3 ESLOVAQUIA
- 4 ESLOVENIA

0 250 500 750 km



Tratado de París 1951	Tratado de Roma 1957	Acta Única 1986	Tratado de Maastricht 1992	Tratado de Amsterdam 1997	Tratado de Niza 2001
Francia, Alemaña, Italia e os países do Benelux (Bélxica, Luxemburgo e Países Baixos) asinan o Tratado da CECA para organizar a liberdade de circulación do carbón e do aceiro.	Fórmase a Comunidade Europea da Enerxía Atómica (EURATOM) e a Comunidade Económica Europea (CEE). O obxectivo é eliminar as barreiras comerciais e arancelarias entre eles e constituir un mercado común.	Revisa os Tratados de Roma e impulsa novamente a idea dunha unión económica e monetaria.	Cambia o nome de Comunidade Económica Europea polo de Unión Europea. Introduce novas formas de cooperación entre os Gobiernos dos estados membros. Xorde a Unión Económica e Monetaria.	Modifica e reenumera os Tratados UE e CE, ligando as versións consolidadas dos Tratados UE e CE. Cambia os artigos do Tratado da Unión Europea, asignándolles números en vez das antigas letras (do A ao S).	Reforma, sobre todo, as institucións para que a Unión poida funcionar eficazmente tras a súa ampliación a vinte e cinco estados membros. Os tratados anteriores fúsiónanse nunha versión consolidada.

## INSTITUCIÓNS DA UNIÓN EUROPEA

### CONSELLO EUROPEO

Máximo órgano político

**Composición:** xefes de Estado ou de Goberno e presidente da Comisión. A presidencia é rotativa cada seis meses.

**Funcións:** define obxectivos e prioridades xerais da UE.

### CONSELLO DA UNIÓN EUROPEA (Antigo Consello de Ministros)

Representa os estados membros.

Representa os estados membros.

**Composición:** un representante por cada estado. A Presidencia é rotativa cunha duración de seis meses.

**Funcións:** aproba, xunto co Parlamento Europeo, a lexislación e o presuposto europeo; e desenvolve a política exterior da UE.

Controla

### PARLAMENTO EUROPEO

Representa a cidadanía.

**Composición:** mínimo de 785 membros elixidos por sufraxio universal. Cada estado achega un número proporcional á súa poboación.

**Funcións:** aproba, xunto co Consello da Unión Europea, a lexislación e o presuposto europeos, e ratifica acordos internacionais.

Controla

### COMISIÓN EUROPEA

Representa os intereses da UE.

**Composición:** un presidente e vinte e sete membros, un por cada estado membro.

**Funcións:** propón a lexislación, asegura o cumprimento da lexislación e dos tratados europeos e xestiona o presuposto e os programas europeos.

### TRIBUNAL DE XUSTIZA

Interpreta a lei.

**Composición:** un xuíz por cada país da Unión Europea máis un rotativo.

**Funcións:** garante que a lexislación da UE se interpreta e se aplica igual en todos os estados, e resolve conflitos entre os países membros en cuestións de dereito comunitario.

### OUTRAS INSTITUCIÓNS

Comité Económico e Social

Comité das Rexións

Tribunal de Contas

Banco Central Europeo

Defensor do Pobo

A Unión Europea está formada, desde o 1 de xaneiro de 2007, por vinte e sete estados soberanos e independentes, que delegan parte da súa soberanía nunhas institucións comúns.

Estas institucións foron creadas por eles mesmos co fin de tomar decisións de interese conxunto de forma democrática e a escala europea.

## LAS NUEVAS INSTITUCIONES DE LA UE

Puntos clave en las reformas del Tratado de Lisboa, 2007



### ALTO REPRESENTANTE DE LA UNIÓN PARA ASUNTOS EXTERIORES Y POLÍTICA DE SEGURIDAD

Puesto recientemente creado; presidente del consejo de ministros de exteriores; además de vicepresidente de la Comisión Europea; dispondrá de servicio diplomático propio.

### PRESIDENTE DEL CONSEJO EUROPEO

Puesto recientemente creado; duración del cargo: dos años y medio



Elige

### CONSEJO EUROPEO

Cabezas de estado o gobierno de los estados miembro; establecen los objetivos de la UE.

**El Consejo se va a convertir en una Institución oficial de la UE.**



Propone a los presidentes de la Comisión

Designa al Ministro de Asuntos Exteriores de la UE

### PARLAMENTO EUROPEO

Elegido de forma directa

**Adquiere nuevas competencias; se coloca al mismo nivel que el Consejo de Ministros en cuanto a la mayoría de asuntos de legislación de la UE.**



Elige al presidente de la Comisión

### CONSEJO DE MINISTROS

Ministros de los estados miembro; crea legislación y determina las políticas de la UE.



**En el futuro, la mayoría de las decisiones se tomarán en función a una "mayoría doble", es decir, un mínimo del 55% en los estados miembro que represente un mínimo del 65% de la población de la Unión.**

### COMISIÓN EUROPEA

El "gobierno" de la UE

**El presidente de la Comisión será elegido por el Parlamento Europeo; en vez de ser únicamente confirmado.**



W  
M  
Z  
O  
-  
O  
-  
C  
-  
H  
-  
H  
-  
W  
Z

## Consejo europeo

- *Presidentes de Estado/gobierno*
- *Marca dirección política general*

## Comisión Europea

- *propone nueva legislación al Parlamento y al Consejo*
- *gestiona el presupuesto de la UE y asigna los fondos*
- *hace cumplir la legislación de la UE (junto con el Tribunal de Justicia)*
- *representa a la UE en la escena internacional, por ejemplo, negociando acuerdos entre la UE y otros países.*
- *27 comisarios, uno por país.*

## Parlamento europeo

- *debatir y aprobar, junto con el Consejo, la legislación de la UE*
- *controla otras instituciones de la UE, en especial a la Comisión.*
- *debatir y adoptar, junto con el Consejo, el presupuesto de la UE.*
- *Elegido cada 5 años.*

## Consejo de la Unión Europea

- *Aprueba la legislación de la UE.*
- *Coordina las diversas políticas económicas de los países de la UE.*
- *Firma acuerdos entre la UE y otros países.*
- *Aprueba el presupuesto anual de la UE.*
- *Desarrolla las políticas exterior y de defensa de la UE.*
- *Coordina la cooperación entre los tribunales y las policías de los países miembros*

## Otros

## “A POLÍTICA REXIONAL DA UNIÓN EUROPEA”

Dentro da UE existen destacadas disparidades socioeconómicas entre rexións. A UE é consciente de que estes desequilibrios obstaculizan a cohesión imprescindible para o bo funcionamento do *Mercado único* e da *Unión Monetaria e Económica*.

Por isto, desde 1975 leva a cabo **unha *Política Rexional* que ten como obxectivos** coordinar as políticas rexionais dos Estados membros e reducir as diferenzas entre as rexións, apoiando ás máis desfavorecidas mediante axudas económicas, para que podían chegar a lograr os *Criterios de Convergencia* (estabilidade de prezos e tipos de cambio e baixos niveis de déficit...) e acceder á Unión Económica e Monetaria.



**Os Fondos Estruturais** son o instrumento básico da *Política Rexional Comunitaria*. Estes *Fondos* son partidas do orzamento europeo que se destinan a todos os Estados membros, segundo as súas necesidades, para reducir os desequilibrios rexionais.

España ten sido desde a súa incorporación á UE unha das grandes beneficiarias das *axudas comunitarias*, pois a maioría das rexións atopábanse en clara desvantaxe respecto ás do resto da Unión en renda per cápita, produtividade, paro, desenvolvemento dos sectores agrario e industrial, equipamentos e infraestruturas. Tras a última ampliación asistimos a un novo reparto das axudas europeas. España subiu o seu nivel respecto á media comunitaria, o que a levará a recibir unha menor cuantía.

Os *Fondos* dos que se serve a UE para alcanzar estes obxectivos son:

- O **FEDER** (*Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional*) axuda ás rexións máis pobres concedendo préstamos para fomentar as infraestruturas e o desenvolvemento do seu potencial endógeno.

- O **FEADER** (*Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural*)

- O **FEOGA** (*Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agraria*)

- O **FEAGA** (*Fondo Europeo Agrícola de Garantía*)


- O **FSE** (*Fondo Social Europeo*) destínase a diminuír o desemprego e aumentar as posibilidades de acceso á formación profesional dos grupos sociais máis desfavorecidos da UE.

- O **Fondo de Cohesión** é unha partida dos orzamentos da UE, creada para axudar aos países menos prósperos da UE (con PIB per cápita inferior ao 90% da media comunitaria) a cumprir os criterios de converxencia para entrar na *Unión Económica e Monetaria* (estabilidade de prezos e tipos de cambio e baixos niveis de déficit...). O *Fondo* financia proxectos de medio ambiente, infraestruturas de transporte e enerxías renovables.


Ata a última ampliación da UE foron España, Grecia, Irlanda e Portugal os principais beneficiarios do *Fondo*. O noso país recibiu nos últimos anos máis do 50% dos recursos deste *Fondo*. Con este diñeiro se financiaron obras de suministro de auga, acondicionamento de cauces, repoboación forestal, boa parte do sistema de autopistas e autovías, así como a rede ferroviaria principal. Pero España xa non cumpre o requisito para recibir achegas deste *Fondo de Cohesión*, aínda que o manterá durante o período transitorio 2007-13.



Desde hai case dúas décadas, a repartición dos *Fondos* para o desenvolvemento baseábase nunha clasificación das rexións segundo a súa situación socioeconómica.



- **As Rexións Obxectivo 1** corresponde a aquelas por debaixo do 75% do PIB/habitante na UE, e a elas destínase a maior parte dos recursos. Ata 2006, moitas rexións españolas estaban neste grupo (Andalucía, Extremadura, Castela-A Mancha, Galicia, Castela-León, C.Valenciana, Cantabria, Asturias, Murcia e Illas Canarias) recibindo 38000 millóns de euros entre 2000 e 2006.



Pero tras a ampliación da UE a 27 países, as agora chamadas **Rexións de Conxerencia** xa só inclúen Andalucía, Extremadura, Castela-A Mancha e Galicia, que recibirán a metade da cifra anterior entre 2007 e 2013. A esa cifra se sumarán outros 5000 millóns para aquelas rexións que agora xa superan o 75% do PIB/habitante europeo, como consecuencia da entrada na UE de países con rendas máis baixas.





- As **Rexións Obxectivo 2** corresponden a aquelas con problemas específicos, relativos á súa industria, o seu escaso desenvolvemento rural ou urbano, ou a pesca. Ata 2006 inclúe varias rexións españolas (P.Vasco, Navarra, A Rioja, Aragón, Cataluña, Baleares e Madrid), que recibiron 3000 millóns de euros entre 2000 e 2006 para lograr a reconversión e diversificación da súa economía. Esas rexións denomínanse agora **Rexións de Competitividade** e recibirán unha cifra similar ata 2013.



*O período actual 2007-2013, cun orzamento aprobado de 307.600 millóns de Euros, será o de maior potencia financeira realizado pola Unión Europea a través dos instrumentos de cohesión. O 81,5% do orzamento total asígnase ao obxectivo "Converxencia", no que son subvencionables os Estados membros e as rexións menos desenvolvidas. Nas demais rexións, outro 16% do orzamento apoiará a innovación, o desenvolvemento sostible, unha mellor accesibilidade e proxectos de formación no marco do obxectivo "Competitividade rexional e emprego". O 2,5% final do orzamento financiará a cooperación raiana, transnacional e interrexional no marco do obxectivo de "Cooperación territorial europea".*

*A nova distribución do orzamento será como mostra a gráfica:*




## POLÍTICA DE COHESIÓN 2007-13 - ESPAÑA


<p style="text-align: center;"><b><u>Converxencia</u></b></p> <p>Rexións cuxo PIB/hab é inferior ao 75% da media da UE-27</p>	<p style="text-align: center;"><b><u>Phasing out</u></b></p> <p>(Efecto estatístico) Rexións cuxo PIB/hab é inferior ao 75% da media da UE-15 e maior do 75% da media da UE-27</p>	<p style="text-align: center;"><b><u>Phasing out</u></b></p> <p>(Efecto crecemento) Rexións cubertas polo Obxectivo nº1 entre 2000-2006 e non cubertas polo obxectivo de Converxencia na actualidade</p>	<p style="text-align: center;"><b><u>Competitividade rexional e emprego</u></b></p> <p>Rexións non comprendidas nos criterios anteriores</p>
<p style="text-align: center;">Andalucía Castela A Mancha Estremadura Galicia</p>	<p style="text-align: center;">Ceuta Melilla Asturias Murcia</p>	<p style="text-align: center;">Canarias Castela e León C. valenciana</p>	<p style="text-align: center;">Aragón Balears Cantabria Navarra P. Vasco A Rioxa Madrid</p>
<p style="text-align: center;"><b><u>Instrumentos</u></b> FEDER FSE Fondo de Cohesión</p>	<p style="text-align: center;"><b><u>Instrumentos</u></b> FEDER FSE Fondo de Cohesión</p>	<p style="text-align: center;"><b><u>Instrumentos</u></b> FEDER FSE Fondo de Cohesión</p>	<p style="text-align: center;"><b><u>Instrumentos</u></b> FEDER FSE</p>

# España

## Convergence and Competitiveness Objectives 2007-2013



- Objective**
- Convergence Regions
  - Phasing-out Regions
  - Phasing-in Regions
  - Competitiveness and Employment Regions
- Boundaries**
- National
  - NUTS 2



# ESPAÑA NA UNIÓN EUROPEA



## A) A integración de España na UE

España entra na Comunidade Europea en 1986, case trinta anos despois da súa constitución. As razóns dese atraso son básicamente políticas, xa que o carácter antidemocrático do réxime franquista levou á CEE a rexeitar as peticións de integración española. Ademais a súa estrutura social e económica presentaba un notable retraso respecto aos países comunitarios.

A integración é o resultado dunha actitude favorable por ambas partes na que pesaron factores políticos e económicos:

► **Políticamente**, a morte de Franco no ano 1975, as eleccións democráticas de 1977 e a Constitución de 1978, permiten a España iniciar as conversacións para o seu ingreso na CEE, apoiados polo desexo que tiña a Comunidade de construír unha Europa unida.

► **Económicamente**, a crise de 1975 mostra as graves limitacións da economía española. A incorporación á CEE ofrece posibilidades de paliar os efectos negativos da crise e de achegarse ao nivel económico europeo. En 1977 España inicia un programa de reformas para lograr a incorporación. Pola súa parte, a Comunidade tamén está interesada na incorporación de novos membros que podan ampliar a diversidade produtiva e o mercado de consumo.

As negociacións para a adhesión son difíciles, pois España oferta produtos agrícolas e pesqueiros que poden competir cos dos outros países comunitarios. Finalmente, o 12 de xuño de 1985 España asina o **Tratado de Adhesión á Comunidade Económica Europea**, a entrada en vigor, é dicir, a incorporación como membro de pleno dereito, prodúcese o 1 de xaneiro de 1986. O ingreso na UE consolídase o 1 de xaneiro de 1999, ao cumprir os *criterios de converxencia* España pasa a formar parte dos Estados que poñen en marcha a *Unión Monetaria* a partir desa data e que culmina en xullo de 2002 coa retirada da peseta a cambio do *euro*.

## B) As consecuencias da integración

A tardía incorporación de España na CEE supuxo que o noso país se atopase entre os Estados periféricos, cun claro atraso con respecto ao espazo central europeo. A adecuación á Europa desenvolvida require un serio esforzo, os efectos positivos da integración empezan a notarse a medio e longo prazo.



### B.1) Consecuencias políticas

A integración na Comunidade e nas súas Institucións reforzan o compromiso coa democracia e os Estado de Dereito.

### B.2) Consecuencias económicas

► No **momento da adhesión** a economía española presenta un claro atraso con respecto á europea:

- Os **indicadores económicos básicos están entre os máis baixos** da Comunidade: a taxa de paro case é o dobre, o PIB e a renda per cápita son claramente inferiores...
- As **actividades económicas presentan tamén atraso**: baixa produtividade, menor competitividade dos produtos españois, que resultan máis caros e de peor calidade.

► Nestas circunstancias, **a adhesión á CEE ten repercusións positivas e negativas**:

- Pon fin a décadas de illamento**, permitindo á economía española abrirse e acceder a un mercado de máis de 375 millóns de consumidores.
- Pero España ten que realizar reformas para adaptar a súa economía á comunitaria** e adoptar as políticas internas da Unión sobre agricultura, pesca, industria, transportes, comercio... (por exemplo, ten que aceptar as cotas impostas nalgunhas das súas producións como a oliveira, vide, leite, pesca...). Iso supón un enorme esforzo de modernización técnica, aumento da calidade, produtividade, coidado ambiental... que leva á desaparición de empresas pouco competitivas.

- Nese esforzo conta con importantes **axudas económicas procedentes dos Fondos comunitarios** (*Fondos Estruturais e os Fondos de Cohesión*) dos que España é o principal beneficiario, levando case unha cuarta parte do total. Estes fondos se dirixen ás rexións máis atrasadas e ás máis afectadas pola crise industrial e se destinan á modernización, mellora das infraestruturas, formación da man de obra... Ademais España participa en proxectos europeos de cooperación industrial, I+D, redes transeuropeas de transporte...
- Os indicadores económicos melloran co tempo: o PIB medrou por riba da media europea**, pasando dun 70% en 1986 a un 86,6% en 2000, pero aínda existen disparidades rexionais moi grandes e non debe esquecerse a distancia que separa España dos países que van á cabeza da UE e da media comunitaria en gran nº de indicadores básicos, tanto económicos (PIB, pob. activa, taxa de paro...) como sociais (salarios medios, contía das pensións...)
- A moeda gaña estabilidade** ao ingresar no *Sistema Monetario Europeo* e posteriormente na *Unión Económica e Monetaria*.

### B.3) Consecuencias sociais

Desde o ingreso na Comunidade as Administracións públicas dedican unha parte crecente do gasto na creación e consolidación dun Estado do Benestar. A costa dun forte endebedamento prodúcese un notable aumento das prestacións sociais e a universalización dos servizos públicos básicos, como a sanidade e a educación.



### C) As consecuencias da nova ampliación para España

As perspectivas de futuro para España nunha Unión ampliada a vinteseite membros son globalmente positivas, aínda que é preciso dar unha resposta adecuada aos novos retos que se van a presentar, como o reparto do poder nas Institucións europeas, a redistribución das axudas comunitarias e a ampliación do *mercado único*.

► As características socioeconómicas colocaban a España ata a última ampliación entre os países “periféricos” da UE. A entrada de novos membros acentúa a súa posición periférica, **pero mellora o seu desenvolvemento relativo**, xa que os novos socios posúen un nivel socioeconómico máis baixo, polo que **o novo reparto das axudas europeas** vai a supoñer unha menor cuantía para España, que deixará de percibir o *Fondo de Cohesión* (por ter superado a renda estatal o 90% da media europea) e reducirá de 11 a 4 o nº de rexións incluídas no Obxectivo 1 dos *Fondos Estructurais* (Extremadura, Andalucía, Galicia e Castela-A Mancha).

► A **ampliación do mercado único** en máis de 75 millóns de persoas aumentará as posibilidades de mercado para os produtos agrícolas e industriais, e para os capitais españois... pero tamén incrementará a competencia na venda de produtos (as importacións dos novos socios son máis baratas); na deslocalización industrial dalgúns empresas desde España cara aos países da ampliación (ao ser máis barata a súa man de obra e ter máis vantaxes fiscais) e a atracción de inversións estranxeiras a estes países podería ocasionar unha diminución da produtividade e do emprego tras a ampliación.

Para sacar proveito das novas oportunidades e evitar estes efectos negativos é necesario aumentar a competitividade dos produtos españois, pero non facendo uso da estratexia dos baixos prezos, senón de avances tecnolóxicos que aseguren a calidade, o deseño e a diferenciación, é necesario tamén mellorar as infraestruturas de transporte e comunicacións e a formación da man de obra, ademais de manter a estabilidade económica, que actúa como factor atractivo das inversións, por outro lado, a ampliación acrecenta as posibilidades de inversión para os capitais españois neses países.